XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Xacobeo 21·22

IES Monte das Moas

[Versión 1.0 12 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

- *Nome:* IES Monte das Moas
- *Dirección:* Rúa José M.ª Hernansáez Nº23, 15009, A Coruña
- *Correo electrónico:* ies.monte.moas@edu.xunta.gal
- *Páxina web:* https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontemoas/
- *Etapas educativas:* no centro impártese ESO e Bacharelato
- *N.º alumnado:* alumnado do centro 562 dos cales 430 é alumnado de ESO e 132 de Bacharelato
- *Profesorado:* 47 profesores dos cales 35 teñen a praza definitiva no centro

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado no barrio de Os Castros-Castrillón, que forma parte do distrito 7 da cidade de A Coruña. Unha análise pormenorizada deste distrito é complicada pola súa gran extensión e diversidade e porque hai solapamento entre as distintas fontes estatísticas empregadas. A “área de influencia” do centro só se corresponde cunha parte del. Os datos demográficos do padrón continúo (INE) sinalan que no total do distrito viven 54.590 persoas (29.335 mulleres e 25.255 homes) cunha poboación inmigrante que alcanza o 8,27%. O nivel de renda dispoñible é medio-baixo, xa que se sitúa por debaixo da media da cidade, segundo datos da Axencia Tributaria; 21.856€ no barrio, en comparación cos 23.206€ de media para A Coruña.
A nivel cultural, no barrio están os centros cívicos de Os Castros-Castrillón e de Eirís que contan con variados equipamentos e cos que colaboramos nas diversas actividades que realizan (exposicións, coloquios...). Pero non hai outro tipo de equipamentos culturais.

Os eixes arredor dos cales desenvólvense o plan TIC do centro, teñen como obxectivo fundamental a integración plena das TIC tanto na xestión como na metodoloxía do proceso de ensino aprendizaxe. Se somos quen de adaptar a metodoloxía ás novas ferramentas proporcionadas pola tecnoloxía estaremos en condicións de mellorar as aprendizaxes. Compre integrar as TIC na aula na práctica docente diaria e desbotar a idea do seu uso anecdótico, externo ao traballo diario.

Neste contexto, deberiamos aproveitar a incidencia e a relevancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación, na sociedade actual, para xerar unha comunidade de aprendizaxe na que participen tódolos sectores involucrados no noso centro.

Unha das medidas adoptadas pola maioría do profesorado é a utilización da aula virtual Moodle como referente para traballar co alumnado potenciando así á utilización dos recursos dos que dispón o centro. Todo o profesorado do centro dispón de permisos para a creación de cursos na aula virtual.

Outra medida empregada polo profesorado é a de utilizar os materiais audiovisuais instalados nas aulas como recurso didáctico na práctica docente.

Para dar resposta á necesidade de introducir as TICs na nosa práctica docente, realizarase o Plan Dixital do centro que se elaborará ao longo do curso 2021-22 para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.

O centro participa no proxecto Abalar coa incorporación do seu equipamento para os niveis de 1º e 2º da ESO, pero os portátiles do alumnado están obsoletos e sen posibilidade de actualización e os portátiles de aula para o uso do profesorado quedaron cunha maqueta abalar anticuada. Esto fai que o funcionamento do equipamento non sexa o adecuado para a práctica docente.

Por outra banda, o centro dispoñía dunha aula Maker, que por mor da pandemia tiveron que empregar como aula e non se recuperou xa que a profesora que a solicitou non está na actualidade no centro, polo que se dispón da dotación pero non se está a empregar na actualidade.

Para o vindeiro curso escolar 22/23, incluirase dentro da PXA o Plan Dixital aprobado polo Consello Escolar unha vez oído o Claustro.

O centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua. Tratarase de cumprir os obxectivos do plan de acción para así mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. Para tal fin a dirección, en desenvolvemento da súa autonomía e en función das características e tipoloxía do centro, establecerá un equipo de dinamización do Plan Dixital e nomeará aos seus membros.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Somos un centro público que imparte ensinanzas de ESO e Bacharelato, e como centro docente durante o curso 2021/22 elaboramos o plan dixital segundo as instrucións e que se fará público para toda a comunidade educativa, promovendo a innovación educativa e impulsando a súa consecución dentro do Proxecto Educativo de Centro.

Normativa en relación co plan dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a realización do plan dixital formouse un Grupo de Traballo no que participa o director, a coordinadora da Aula Virtual e a coordinadora das TICs.
A responsable do seguimento e realización das distintas fases do plan dixital e de subir a aula virtual os documentos foi a coordinadora TIC coa supervisión e colaboración dos membros do Grupo de Traballo. Físoxe o seguimento do traballo mediante reunións nas que a coordinadora informaba da marcha do plan. A temporalización, realización, entrega

das tarefas e procedementos de elaboración foi segundo as directrices marcadas polo coordinador da zona.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón dunha infraestructura bastante mala en canto a conectividade. Non dispoñemos da wifi **edu.xunta.gal** no centro, soamente temos a wifi Abalar nas aulas de 1º e 2º da Eso. Ante a carencia de rede wifi o centro está a pagar un servizo externo para a conectividade (cableada e sen fíos). Dado o inusual desta situación levamos dende principios deste curso académico solicitando que se nos dea solución a este problema para ter unha boa conectividade en todo o centro, pero seguimos sin ter resposta por parte da administración.

O equipamento do que dispoñemos é o da dotación Abalar, que está en desuso pola imposibilidade de actualización ás actuais maquetas. O centro dispón de tres aulas de informática con ordenadores bastante actualizados que foron mercados cos cartos de funcionamento e, tamén hai ordenadores na biblioteca, sala do profesorado, despachos de dirección, secretaría, conserxería, salón de actos e departamentos docentes. Por último dicir que se dispón do equipamento asociado á aula Maker, que está a disposición do profesorado que o precise.

En canto aos servizos dixitáis educativos que empregamos no centro son os corporativos: correo electrónico, aula virtual, páxina web do centro, espazoAbalar e Abalarmóbil.

A xestión do mantemento do equipamento do centro a realiza unha empresa privada que se encarga da montaxe dos novos equipos e da actualización e/ou reparación dos equipos xa existentes no centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE, información do resumo das áreas do informe SELFIE das etapas educativas do noso centro na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2,2	2,8		
	Profesorado		2,8	3,9		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3	2,4		
	Profesorado		2,7	2,8		
	Alumnado		2,9	2,8		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		2,6	2,5		
	Profesorado		2,8	3		
	Alumnado		3,1	3,1		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		2,7	2,8		
	Profesorado		3	3,2		
	Alumnado					
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,9	3,6		
	Profesorado		4,2	4,2		
	Alumnado		4	3,5		
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2,9	2,8		
	Profesorado		3,6	2,9		
	Alumnado		3,1	2,9		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,7	2,5		
	Profesorado		3,1	3,2		
	Alumnado		2,7	2,4		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,3	3,1		
	Profesorado		3	3		
	Alumnado		3,1	3		

Test CDD: os resultados do TestCDD recóllese nas seguintes táboas

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	37	32,24%
PROVISIONAL	1	3	33,3%
INTERINO	2	7	28,6%
SUBSTITUTO	2	6	33,3%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	80,1	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)
BAC	78,5	Integrador/a (B1)	78,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5,9%
A2	5	29,4%
B1	6	35,3%
B2	5	29,7%
TOTAL	17	100,00%

Non se empregaron outras fontes para a realización do DAFO.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD realizouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	**INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO**	C1:están actualizados os equipos C7:suficiente política de protección de datos C8: dispositivos dixitais para o aprendizaxe	C1:necesidades de actualizar as redes C3: necesidade de mellora no acceso dos equipos a internet C5:asistencia técnica insuficiente C14OP:insuficientes espazos físicos para facilitar a ensinanza-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais
	PERSOAL DOCENTE	D1: o profesorado é consciente da necesidade de formación en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais D2: participación no DPC E1: emprego de recursos educativos en liña E2: creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza E3: empleo de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado E4: comunicación coa comunidade educativa empregando a Web do centro E5 OP: utilízanse recursos educativos abertos F1:adaptación ás necesidades do alumnado F3: inclusión do alumnado	A4 OP: tempo insuficiente para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital B2: non existe reflexión sobre o uso das TIC´s D3:insuficiente participación en proxectos interdisciplinares F6:non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares G1:pouca utilización das tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. G3: non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación axeitada ao alumnado G5: non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe
	PERSOAL NON DOCENTE	1.Persoal non docente cualificado coñecedor das instalacións do centro e colaborador	1. Persoal escaso e non permanente en todos os casos

	ALUMNADO	H7: o alumnado aprende a crear contidos dixitais H8: o alumnado aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais H13: o alumnado aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais	C8:no centro non hai suficientes dispositivos dixitais propios e xestionados polo centro para que o alumnado os utilice cando os precise H4: o alumnado non sempre comproba si a información que atopa en internet é fiable e precisa
	FAMILIAS	1. Implantación xeneralizada da aplicación ABALAR móbil. 2. Relacións fluidas coa dirección que facilitan o intercambio de información e a facilidade para permitir ao alumnado o traballo en experiencias educativas dixitais fóra do horario lectivo	
	OFERTA	A3:Novas modalidades de ensino, posibilidade de incluir na oferta educativa do centro materias nas que se traballen contidos dixitais.	A2: Porcentaxe escaso do claustro de profesores involucrado nos grupos de traballo. A3: Escasas novas modalidades de ensino: robótica, programación, intelixencia artificial.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3:Novas modalidades de ensino	A1:Non existe unha estratexia dixital no centro A2: desenvolvemento da estratexia co profesorado. Non hai flexibilización horaria para indagar sobre contornas virtuais de aprendizaxe B1:non se avalía no centro o progreso no ensino-aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais C5: asistencia técnica insuficiente G8 OP: avaliación dixital. Escasa práctica de avaliación por competencias e con instrumentos dixitais.

EXTERNOS		**OPORTUNIDADES**	**AMEAZAS**
CATEGORÍAS	**ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**	C16 OP: Existen repositorios e bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensinanza aprendizaxe(espazo abalar,agueiro,…)	1.Excesiva burocracia e papeleo que restan tempo e enerxía. 2. Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración 3.Montaxes técnicos da rede wifi pendentes de execución. A4 OP. Nula oferta pola Administración educativa de flexibilizar horarios para crear equipas de traballo dixital.
	LEXISLACIÓN	A5 OP: normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso C7:suficiente política de protección de datos	1. Lexislación que non contempla prazos realistas para implementar os distintos programas e proxectos. 2.- Modificación constante na normativa que confunden e desorientan ao profesorado e aos equipos directivos. 3. Non adecuación axeitada da normativa que contemple unha diminución da ratio de alumnado para o traballo en contornas virtuais.

	CONTORNA	C 12 OP: Existencia de centros cívicos dotados con bo equipamento dixital F1: adaptación ás necesidades do alumnado	C11 OP: Aumento significativo de inmigrantes cun nivel baixo de alfabetización dixital e escasos medios económicos.
	ANPA	1. A posibilidade de creación de Escolas de pais e nais 2. Realización de actividades de formación sobre uso de redes e de protección datos do alumnado. E4: comunicación coa comunidade educativa empregando a Web do centro	
	OUTRAS ENTIDADES	B3: colaboracións coa universidade (charlas divulgativas)	B4 OP: sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Os obxectivos concretos do Plan de Acción están propostos a partir das debilidades atopadas no informe DAFO , e suporán unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles no centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO establecemos os obxectivos para procurar a mellora da nosa capacidade dixital e tendo presente o punto de partida, as debilidades e ameazas detectadas, trataremos de levalos a cabo e que contribúan á transformación dixital que precisa o centro.

As áreas prioritarias de mellora para o centro son a infraestrutura dixital e espazos de aprendizaxe físicos e virtuais, as prácticas de avaliación e o traballo colaborativo entre os distintos departamentos. Atendendo a isto se establecen catro obxectivos que queremos conseguir e que están englobados nas áreas de mellora segundo o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg).

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Un dos obxectivos do Plan de Acción é a necesidade de mellora da infraestructura no centro tanto de conectividade coma de equipamento e servizos dixitais educativos.

Precisamos unha boa conectividade, en todo o centro, para que as condicións de traballo sexan as óptimas para desenvolver a nosa labor docente. O equipamento das aulas ten problemas de actualización do software, os equipos xa teñen moitos anos e en algúns casos xa non se poden actualizar á última versión e tamén están a dar fallos as pizarras dixitáis.

Na seguinte táboa especifícanse as necesidades tecnolóxicas que temos no centro:

Equipamento / Infraestrutura	Loacalización	Unidades	Xustificación da necesidade
Portátil para o profesorado	Aula 36 Aula 46	1 1	Avariados sen posibilidade de arranxo Incidencias 801132 (01/04/2021) e 877304 (29/10/2021) Nunca fóron substituídos e o centro viuse na necesidade de mercar dous ordenadores de mesa.
Portátil para o profesorado	Aula 32	1	Roubado o día 16/05/2022 Incidencia 935490 A día de hoxe non foi substituido, no seu lugar hai un portátil dun desdobre.
Ordenadores de sobremesa	Aulas de informática	14	Avariados e obsoletos, fóron dados de baixa no Xade e informada a UAC o día 08/02/2022 O centro mercou uns novos para substituilos.
Ordenadores e elementos periféricos	Aula de info1 Aula de info2 Aula de info 3	10 1 7	Actualizar equipos para o bo funcionamento das aulas.Ordenadores dunha dotación moi antiga da Xunta, que están obsoletos e non se poden actualizar
Ordenadores de sobremesa	Sala de profesorado	4	Ordenadores do 2014, en funcionamento pero moi lentos.
Ordenador de sobremesa	Departamentos didácticos	7	Ordenadores obsoletos e non se poden actualizar
Pizarras dixitais e proxectores	Aulas	21	Das 21 unidades, hai pizarra dixital en 20, 5 funcionan de xeito dixital e o resto non. 1 non está conectada ao ordenador
Equipamento Abalar	Aulas 1º e 2º ESO	Todo	En desuso por non poder actualizar os equipos e equipamento obsoleto.
Pixarras dixitais e proxectores	Desdobres		Ningún ten pizarra dixital

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": D - Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 1 (1):	Elaboración dun proxecto interdisciplinar				**Acadado**	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC e Biblioteca				**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Un proxecto interdisciplinar					
Valor de partida (3)	0 proxectos interdisciplinares					
Valor previsto e data (4)	Realización dun proxecto interdisciplinar			30 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO1.1: Creación de grupos docentes para elaboración do proxecto interdisciplinar. Nomeamento do coordinador/a do grupo de traballo.	Membro do equipo directivo.	30/09/2022	Convocatoria claustro e mensaxería corporativa. Conversacións persoais con docentes. Enquisa Doodle		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Determinación de: obxectivos, tarefas, contidos, temporalización, recursos, métodos de traballo,.. do grupo de traballo. Definición do perfil do alumnado participante	Coordinador/a do grupo de traballo	20/12/2022	Reunións Actas.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaboración de rúbricas para a avaliación do proxecto interdisciplinar	Profesores/as de cada materia implicada	31/03/2023	Táboas coas rúbricas		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.4: Tarefas temporalizadas do traballo que debe realizar o alumnado participante no grupo	Profesores/as de cada materia implicada	31/05/ 2023	Fichas, guións do traballo a realizar. Fichas de seguimento do traballo. Aula virtual do centro. Grupos de meat de google.		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A01.5: Avaliación das tarefas e do traballo en conxunto	Coordinador/a Profesores/as de cada materia implicada	14/06/2023	Enquisa Táboas de rúbricas		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A01.6: Difusión e publicación do produto final	Coordinador/a	14/06/2023	Aula virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

"Área/s de mellora": C - INFRAESTRUTURA E EQUIPOS			
OBXECTIVO 2 (1):	Actualizar e/o renovar os equipos dixitais de aulas de informática e aulas de grupo. Procurar unha rede wifi adecuada para ter unha boa conexión no centro.	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados		
Valor de partida (3)	20% renovación de algúns equipos nas aulas de informática		
Valor previsto e data (4)	100% Actualizado e/ou renovado o equipamento informático do centro	30 marzo 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC.	Equipo directivo	30/09/2022	Persona coordinadora das TIC's		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO2.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro	Coordinadora TIC	20/12/2022	Persoa coordinadora das TIC's Claustro Fichas de incidencias e estados dos equipos informáticos nas aulas de informática e nas aulas de grupo.		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
A02.3: Actualizar e/ou propoñer renovación do equipamento dixital.	Coordinadora TIC	30/05/2023	Persoa coordinadora das TIC's		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
A02.4: Solicitar a wifi xunta.gal da que carecemos no centro para a mellora das comunicacións	Equipo directivo	20/12/2022	Rede Wifi coorporativa.		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN			
OBXECTIVO 3 (1):	Fomentar o uso das TIC’s para avaliar ao alumnado, empregando a AV do centro	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Coordinadora TIC	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso das TIC’s no proceso de avaliación e emprego da AV do centro.		
Valor de partida (3)	10% utilización das TIC’s no proceso de avaliación.		
Valor previsto e data (4)	80% emprego das TIC’s no proceso de avaliación	30 xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO3.1: Empregar a AV como repositorio de contidos e para a entrega de tarefas	Profesorado das diferentes materias co asesoramento da coordinadora TIC	20/12/2022	AV do centro		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Elaborar bancos de preguntas, rúbricas, cuestionarios, etc...para a avaliación dos contidos das distintas materias. Elaborar os documentos de avaliación	Profesorado das diferentes materias co asesoramento da coordinadora TIC e o equipo directivo	31/03/2023	AV do centro. Documentos compartidos en Drive.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Empregar as ferramentas de avaliación da AV a partir das elaboracións deseñadas para cada materia.	Profesorado das diferentes materias co asesoramento da coordinadora TIC	30/05/2023	AV do centro		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

A03.4: Elaborar táboas de avaliación nas que os obxectivos correspondánse coas súas competencias	Profesorado das diferentes materias co asesoramento da coordinadora TIC e equipo directivo	20/06/2023	AV do centro. Documentos compartidos en Drive		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A03.5: Formación do profesorado e o alumnado no uso dos instrumentos de feedback	Profesorado das diferentes materias co asesoramento da coordinadora TIC	20/06/2023	AV do centro. Documentos compartidos en Drive		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

"Área/s de mellora": Pedagoxía: apoio e recursos			
OBXECTIVO 4 (1):	Aumentar o emprego da AV do centro	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Coordinadora TIC	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participación do profesorado e alumnado no uso da AV		
Valor de partida (3)	10% utilización da AV polo profesorado e alumnado do centro.		
Valor previsto e data (4)	80% utilización da AV polo profesorado e alumnado do centro	30 xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO4.1: Crear a estrutura de cursos e dar de alta a todo o alumnado do centro na Aula Virtual Corporativa	Equipo directivo/ Coordinadora TIC	30/09/2022	AV do centro		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO4.2: Creación de cursos para o alumnado na AV	Profesorado das diferentes materias co asesoramento da coordinadora TIC	30/09/2022	AV do centro		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO4.3: Publicar actividades na AV, traballar co alumnado as actividades creadas. Formación do profesorado na AV	Profesorado das diferentes materias co asesoramento da coordinadora TIC	20/06/2023	AV do centro		**Realizada**	

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

a. **Específicos** (**S**pecific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
b. **Medibles (M**easurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
c. **Alcanzables** (**A**chievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
d. **Relevante** (**R**elevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
e. **Definidos** no tempo (**T**ime bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conexto da avaliación do Plan, se reflictirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES**: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN**: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS**: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflictir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- Unha vez ao trimestre realizaremos o seguimento de cada un dos obxectivos incluidos no Plan de Acción para valorar se se están a cumprir a datas previstas para as distintas accións a desenvolver. Introduciremos modificacións en caso de que non se cumpran os prazos establecidos e se incluirán propostas de mellora.
- Coa data prevista de finalización de cada un dos obxectivos, realizar unha avaliación final na que se valore o logro dos obxectivos e as propostas de mellora se é o caso.

5. Difusión do plan

Está pendente a realización dun Protolo de Comunicación entre o centro e o resto da comunidade educativa pero mentras non se realice, será a través da páxina web do centro, a ANPA e a aplicación Abalar por onde se realice a difusión do Plan Dixital.